

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000012.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria da Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisións da Casa Consistorial o vindeiro **mércores, día mércores 27 de marzo de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DA CIDADE**

**GABINETE DE ALCALDÍA E OFICINA DE PRENSA**

1. APROBACIÓN DO PLAN DE MEDIOS MUNICIPAL 2024-2027.

**LICENZAS**

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA REPARACIÓN DE HUMIDADES E OBRAS VARIAS NO ARQUIVO HISTÓRICO MUNICIPAL, SITO NA RÚA CAMBRIA, SOLICITADA POLO MINISTERIO DE CULTURA E DEPORTE-SECRETARÍA GENERAL DE CULTURA Y DEPORTE (Exp. 2023/Y001/000193).

**ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

3. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS DA ZONA URBANA DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2023/C003/000036. ADXUDICACIÓN.

4. CONTRATO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO (MECÁNICA COMPLETA PARA VEHÍCULOS DE OBRAS, SERVIZOS E DÚMPERS), EXP. 2022-C003-000025. RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO.

5. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS. LOTE 1: MECÁNICA PARA CAMIÓN E LOTE 2: MECANIZADO TODOS OS VEHÍCULOS MUNICIPAIS, EXP. REF. 2024/C003/000002. ADXUDICACION DO LOTE 2 Á MERCANTIL MARTÍNEZ RECTIFICADORA LUCENSE, S.L.

6. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN CONVOCADO POLO CONCELLO DE LUGO PARA A AUTORIZACIÓN DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS FRÍAS, QUENTES E PRODUTOS NON PERECEDOIROS NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, EXP. REF. 2024/C013/000002.

7. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPROGRAFÍA DO ARQUIVO MUNICIPAL DE LUGO, EXP. 2023/C003/000021. INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

#### **FOMENTO**

8. CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDAD INTERNACIONAL DE LA RIOJA-UNIR E O EXCMO CONCELLO DE LUGO.

#### **PERSOAL**

9. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023).

10. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 4 PRAZAS DE ORDENANZA PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, 1 DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2022), 1 EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2022) E 2 EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

11. PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023).

12. COMPROMISO DE INCORPORACIÓN DE UNHA PRAZA DE CELADOR/A CEIP NA PRÓXIMA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2024.

#### **ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**

#### **DESENVOLVEMENTO LOCAL**

13. APROBACIÓN DAS BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A AUTORIZACIÓN DO USO EN PRECARIO DE LOCAIS E INSTALACIÓNS NO CENTRO CEI-NODUS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

QUE CONTRIBÚAN Á DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO MUNICIPIO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES.

### **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaría, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

*Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta.*